

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Ciencia política III: Políticas públicas				
Materia	Ciencia política III: Políticas públicas			
Código	P04G091V01203			
Titulación	Grao en Dirección e Xestión Pública			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía			
Coordinador/a	Mahou Lago, Xosé María			
Profesorado	Mahou Lago, Xosé María			
Correo-e	xmahou@uvigo.es			
Web	http://www.faitic.es			
Descrición xeral	O obxectivo xeral desta materia é achegarlle ao alumnado os conceptos básicos e a metodoloxía de elaboración, execución e avaliación das políticas públicas coa intención de que, por unha banda, afonde na lóxica do proceso político-administrativo no seu conxunto e, por outra, se familiarice coas ferramentas que a ciencia política pon á disposición dos profesionais para aumentar a eficacia do proceso de elaboración e realización de programas públicos. En definitiva, ao final do curso, o alumnado poderá: Definir e documentar ordenadamente as diferentes definicións que nun momento dado se poidan establecer sobre un problema público. Identificar o público obxectivo dun programa e o público interesado dunha iniciativa pública. Recoñecer e valorar as solucións alternativas a un problema. Valorar os produtos e resultados dunha actuación pública. Coñecer os diferentes tipos de avaliación e a súa aplicación a cada fase do proceso de políticas públicas.			

Competencias	
Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B2	Capacidade de analizar, sintetizar e integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos con información limitada
B5	Ser capaz de interpretar datos derivados das observacións en relación coa súa significación e relacionalos coas teorías apropiadas no ámbito da dirección e xestión pública
B7	Capacidade para a xestión de conflitos interpersoais e inclinación cara á mediación e a negociación
C9	Entender o papel das administracións públicas no proceso das políticas públicas e aplicar o método de análise
D7	Motivación pola calidade e a mellora continua e a innovación
D8	Capacidade para o traballo cooperativo en equipo/grupo e aberto a diferentes puntos de vista e opinións
D11	Vocación de servizo público e compromiso ético

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Identificar as teorías sobre políticas públicas.	A1
Aplicar os enfoques de políticas públicas a unha administración pública concreta.	A2
Argumentar ideas clave sobre o proceso de políticas públicas.	A3
Expoñer ideas e solucións aos problemas que as administracións públicas deben abordar.	A4
Valorar a aprendizaxe continua.	A5
Emitir xuízos fundamentados no coñecemento acumulado sobre políticas públicas.	B2
Recompilar e interpretar datos relevantes sobre problemas políticos.	B5
Resolver posibles situacións de conflito.	B7
Recoñecer o papel das administracións públicas no proceso das políticas públicas e aplicar o método de análise.	C9
Manifestar compromiso pola calidade e a innovación.	D7
Amosar empatía co traballo en equipo.	D8
Manifestar compromiso co servizo público e ética profesional.	D11

Contidos	
Tema	
Tema 1. As políticas públicas	1.1. As políticas públicas no seu contexto. O estado de benestar e a superación do modelo weberiano. 1.2. Orixe e desenvolvemento dos estudos das políticas públicas. 1.3. Definición de política pública. Tipos de políticas públicas. 1.4. Fases das políticas públicas.
Tema 2. Os actores do proceso de políticas públicas	2.1. Definición de actor. Recursos, obxectivos e roles. 2.2.As políticas como interacción entre actores: pluralismo, corporativismo e redes.
Tema 3. Definición do problema	3.1. A axenda política: a conversión do problema social en asunto político 3.2. A construción do problema "político"
Tema 4. Deseño e formulación das políticas públicas. A toma de decisión	4.1. A toma de decisión: os modelos racional e incremental. 4.2. Alternativas de acción: a análise prospectiva e a fixación dos obxectivos e medidas.
Tema 5. Implementación das políticas públicas	5.1. Definición de implementación. 5.2. Evolución dos estudos de implementación. Os modelos "top-down" e "bottom-up".
Tema 6. A avaliación das políticas públicas	6.1. Definición e obxectivos da avaliación. 6.2. Tipos de avaliación e utilidades

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	28	50	78
Resolución de problemas	24	44	68
Exame de preguntas obxectivas	1	0	1
Debate	3	0	3
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	□ Exposición por parte do profesorado dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto que ten que desenvolver o alumnado. □ Aprendizaxe colaborativa: enfoque interactivo de organización do traballo na aula no cal o estudantado é responsable da súa aprendizaxe e da dos seus compañeiros nunha estratexia de responsabilidade compartida para atinxir metas e incentivos de grupo. É tanto un método, que se utilizará entre outros, como un enfoque global do ensino, unha filosofía
Resolución de problemas	Actividade en que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa disciplina. O alumnado debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, o uso de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase utilizar como complemento da lección maxistral.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**

Lección maxistral	O alumnado tanto da modalidade presencial como semipresencial poderá resolver dubidas con relación a algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
Resolución de problemas	O alumnado tanto da modalidade presencial como semipresencial poderá resolver dubidas con relación a algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.

Probas	**Descrición**
Debate	Charla aberta entre un grupo de estudantes. Pode centrarse nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema desenvolvido previamente nunha sesión maxistral...

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas	Proba na que o alumno debe solucionar unha serie de problemas e/ou exercicios nun tempo/condicións establecido/as polo profesor. Desta maneira, o alumno debe aplicar os coñecementos que adquiriu. A aplicación desta técnica pode ser presencial e non presencial. Pódense empregar diferentes ferramentas para aplicar esta técnica como, por exemplo, chat, correo, foro, audioconferencia, videoconferencia, etc.	60	A3 B2 C9 D7 A4 B5 D8 B7
Exame de preguntas obxectivas	Test para avaliar as competencias adquiridas polo alumnado que inclúe 20 preguntas pechadas -con diferentes alternativas de resposta- e preguntas abertas. O valor de cada pregunta é de 0,15 puntos. Por cada 3 preguntas mal contestadas restarase 1 pregunta ben. O alumnado deberá obter no exame un mínimo de 1,25 puntos para sumar o resto dos criterios.	30	A1 C9 D7 A2 D11
Debate	Charla aberta entre un grupo de estudantes. Pode centrarse nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema desenvolvido previamente nunha sesión maxistral...	10	A4 B2 D8 B5 D11

Outros comentarios sobre a Avaliación

AVALIACIÓN SEGUNDO O REGULAMENTO DA MODALIDADE SEMIPRESENCIAL.

"Art.6.-Evaluación. En la guía docente de la materia, deberá estar claramente especificado el tipo de evaluación y su puntuación. En el cronograma de la asignatura deberán estar señaladas las fechas en las que deben estar realizadas y entregadas las pruebas y/o la fecha de la prueba final en el caso de establecerse. El profesorado procurará, en la medida de lo posible, que la evaluación de la asignatura se realice en su totalidad de manera continua y virtual, sin prueba final presencial. En todo caso, es obligatorio que la evaluación continua online suponga al menos el 40% de la nota, y la prueba final (que podrá exigirse en su modalidad presencial) suponga como máximo el 60% de la nota total de la asignatura. En el caso de que esté prevista la realización de una prueba final de manera presencial, ésta coincidirá con la fecha y hora fijada en el calendario del Centro (la misma fecha que para el alumnado de la modalidad presencial)"

A continuación detállase a avaliación da materia:

Metodoloxías	**Descrición**	**Cualificación**	**Competencias Avaliadas**
Resolución de problemas e/ou exercicios	Proba na que o alumno debe solucionar unha serie de problemas e/ou exercicios nun tempo/condicións establecido/as polo profesor. Desta maneira, o alumno debe aplicar os coñecementos que adquiriu. A aplicación desta técnica pode ser presencial e non presencial. Pódense empregar diferentes ferramentas para aplicar esta técnica como, por exemplo, chat, correo, foro, audioconferencia, videoconferencia, etc.	**60%**	CB3 CB4 CG2 CG5 CG7 CE9 CT7 CT8

Exame	Haberá dous tipos de exame segundo a/o estudante se presente á proba de forma presencial ou online. • **Presencial.Exame de preguntas obxectivas (Exame tipo test)**. Test para avaliar as competencias adquiridas polo alumnado que inclúe 25 preguntas pechadas -con diferentes alternativas de resposta- e preguntas abertas. O valor de cada pregunta é de 0,16 puntos. Por cada 3 preguntas mal contestadas restarase 1 pregunta ben. O alumnado deberá obter no exame un mínimo de 1,75 puntos para sumar o resto dos criterios. • **Online. Exame a través da plataforma:** 2 preguntas tipo tema a desenvolver a través da plataforma durante 40 minutos. O valor de cada pregunta é de 2 puntos. Para aprobar o exame o alumnado deberá acadar 1,75 puntos e obter en cada pregunta un mínimo de 0,75 puntos. ◦ **AVISO: o alumnado que se acolla a este tipo de exame debe solicitalo ao docente con 48 horas de antelación á data oficial de exame.**	**40%**	CB1 CB2 CE9 CT7 CT11
Exame final	Os estudantes que **non cumpran os requisitos da avaliación continua** deberán presentarse ao exame final que constará de **4 preguntas tipo tema** e **a realización de 2 prácticas**. O valor do exame será de 10 puntos.	**100%**	**Todas**

AVALIACIÓN DE XULLO MODALIDADE PRESENCIAL E SEMIPRESENCIAL

Para superar esta materia na convocatoria extraordinaria de xullo as/os estudante deberán realizar un exame de **4 preguntas tipo tema** e **a realización de 2 prácticas.** O valor do exame será de 10 puntos, se ben se terá en conta o traballo realizado polo alumnado na avaliación continua.

Segundo o Art.4.-Material docente do Regulamento da modalidade Semipresencial:

"La docencia en la modalidad semipresencial exige que los/as estudiantes dispongan de materiales de estudio específicamente adaptados. Por este motivo, entre las obligaciones docentes se encuentra implícita la realización y puesta a disposición del alumnado por parte del profesorado, de los correspondientes materiales, libros, guías de estudio, pruebas de autoevaluación, etc. Los Departamentos velarán por que la calidad de los materiales elaborados sea la adecuada. En todo caso, será una obligación por parte del personal docente, suministrar la siguiente información en cada asignatura tanto en la guía docente como en el espacio de la plataforma habilitada al efecto:
a) la presentación de la asignatura indicando además el horario y lugar de las tutorías presenciales, y si las tutorías online se realizarán en el horario de las tutorías presenciales.
b) el cronograma de la asignatura, donde se señalen: las semanas lectivas, los días donde pueden asistir voluntariamente a la clase práctica presencial, y las fechas de entrega de actividades/pruebas, incluida, en caso de haberlo, la fecha de la prueba final.
c) los materiales de estudio y/o la indicación de la bibliografía básica para superar la asignatura. Estos aspectos quedarán bajo la supervisión de la Coordinación del Grado en Dirección y Gestión Pública y la Coordinación de los diferentes Módulos del Grado.
d) las pruebas de evaluación continua (parcial o total)"

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Aguilar Villanueva, L.F. (ed.), **La hechura de las políticas**, Miguel Angel Porrúa, 2000

Pérez Sánchez, Margarita (ed.), **Análisis de políticas públicas**, Universidad de Granada, 2005

Bibliografía Complementaria

Aguilar Villanueva, L.F. (ed.), **La implementación de las Políticas Públicas**, Miguel Angel Porrúa, 1993

Bañon, Rafael; Carrillo, Ernesto, **La nueva Administración Pública**, Alianza Editorial, 1997

Meny, Ives; Thoenig, Jean-Claude, **Las políticas públicas**, Ariel, 1992

Moran, Michel; Rein, Martin; Goodin, Robert, **The Oxford Handbook of Public Policy**, Oxford University Press, 2008

Subirats, Joan; Knoepfel, Perter; Larrue, Corinne; Varone, Frédéric, **Análisis y gestión de políticas públicas**, Ariel, 2008

Subirats, Joan, **Análisis de políticas públicas y eficacia de la Administración**, MAP, 1989

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Ciencia política I: Introdución á ciencia política/P04G091V01104
Ciencia política II: Fundamentos de ciencia da administración/P04G091V01105
Ciencia política IV: Sistemas políticos español e galego/P04G091V01204

Outros comentarios

As modalidades presencial e semipresencial do Grao en Dirección e Xestión Pública, comparten un mismo plan de estudios, cuxas materias (de 1º a 4º) axudan a desenvolver unha aprendizaxe de competencias baseado na avaliación continua.